




A HORTA EMBRUXADA



.....
.....
Y arrastramos los dos de aquella tarde
El estigma de un lúgubre secreto:
El de una infame yo: tú el de un cobarde!

(O autor.)

I

GSCONDÍASE a casaña pintada de color rosa pê do río, n-o pregue de dous ribazos, como un rousado amor entre os peitos d' unha virxe. Chegaban os froitales hasta bicar as polas n-as augas; as emparradas cepas, riba os paseos arringolados de buxos, dempois de engrilar os largueiros agatuñaban pol-os autoniños; as maceiras, c-os seus brazos cheos de lepra branca, as cerdeiras, como cô-



bras escuras, lisas, e hasta os bimbios, os castaños, as nogueiras, os lourês, os sabugueiros, os sanguños, a vexetación toda, henchía como louca a horta de verdura, rubindo e tendendo as non podadas polas ceo arriba, envidiosos de duas cacias que, mais altas, mais erguidas, somellaban os dous brazos de aquela louca natureza que pretendía coltel-o ceo.....

Baixo o xigantesco alpendre de follatería, a terra, libre tamen, parecía unha carballeira de malas herbas. Os brancos penachos das ortigas, os botós das margaridas, as borrosas manchas do pelolobo, como xigantes telarañas postas ô sol, e aquela sarpicadura de canabouco e millo brabo, ladrós e fillos novos, cañizos e venturais, somellaba algo así como restos de unha grandeza morta, somellanza que viñan confirmar anacos do que fora xardín, baixo as cacias, donde os arriates de buxo fino cenguían macizos de rosas thé, bolas de neve, dalias, ranúnculos, roceas, tulipás y-herba de prata; pro todo revoltosa, brabo, rebelde, sin respetos de calidá, cuase afogados pol-a chuva de *estrelañas de prata* que nevaban riba deles os exuberantes *cinamomos*.

N-os paseos medraban as gramas; n-os estrombados postes do parral os cogordos; n-os



bancos de pedra, acochadiños en rosa-musgo, os coucelos; e n-o fermoso tanque víanse ferver rás, entre as espadanas lirios e curriolas.....: aquilo somellaba unha grandeza morta....., morta pol-o tempo, asesinada pol-o abandono.....

Mais alá, entre os dous corpos da casa pintada de rosa, víase o patio enlousado, con festós de herba n-as xuntas, valeiro de todo menos estrume, co-as esquías cheas de feixes de pontós xa podres, o cortello estrombrado, a chouza do can deserta, a chave da porta roxa de ferruxe, as escaleiras cuase niveladas pol-a lama de moitas chuvas, o pasamaus roto, hastillado, os aleiros sin tellas, as cabezas das vigas podres, as ventás sin vidros, abertas, xemidoras, os testos ceibados, sin frores,..... todo vello, morto, triste, deserto, pingando humedá, como bágoas limpas d' un vello que aguniza solo, terriblemente solo, e chama por Dios.....

E, sin embargo, as lousas do patio gardaban perfecto nivel, os pontós rigurosa escuadra, a chouza do can deixa ver anacos de afrombas, as escaleiras, entre a lama e o musgo, festós e ribetes ben labrados, o pasamaus molduras e adornos ben tallados, as ventás pinturas delicadas, anacos de cristales limpos como aire xiado.....; pro todos aqueles restos de unha



grandeza asesinada, parecían avergoñados de amostrarse, e loitaban por ocultarse entre as devoradoras parásitas, como si a mau que borrara tanto esplendor co puñal do tempo e do abandono, fora a mau da xusticia.....

Drento, n-as casiñas, todo estaba morto tamén: víase o tránsito co-a parede mordida a y-altura da roda d'un home, como do roce das ferramentas de labranza; n-a cucuña inda o fume parecía ennegrecer as vigas, cheas de garfios e puntas, e a lareira somellaba a lousa d'unha focha, coberta de loito; n-as habitaciós, pintadas unhas, empapeladas outras, as telarañas inmensas, cheas de polvo, como sedería vella, borraban os esquinales, e, ás veces, o patexar d'un repunante bicho, negro, peludo, finchado, facía-as tremar como axitadas somas; e n-o salón mais grande, distinguíase aínda a sinal dos cadros antes pendurados; veira d'íl un cöartiño pintado de azul páledo, co-a ventá sobre a horta, conservaba aínda un cheiro como de perfume, e n-un dos rincunchos, entre un montón de pintura esconchada, víase un pomo de cristal, roto, e ús anacos de xaula, de *bibelots* e de espellos.....: pro todo tiña ese cheiro triste, lúgubre, como de humedá, das casas valeiras moitos anos: cheiraba á morte, porque as casas



abandoadas cheiran á sepulcros.....: de vida ou de lembranzas, qué importa? fochas son ô cabo.

Si fora tiña aquel aspecto de grandeza asesinado pol-a xusticia, dentro tiña o aspecto d' un nicho, do panteón d' unha raza ou d' un sacreto. N-os grandes crimes, n-os grandes sacretos, en todol-os titánicos doores, sempre é o mesmo: fora, n-o rostro, a cruz; dentro, n-a y-alma, o sepulcro.....

E aquela casa tiña pintada n-a porta a cruz das marditas, das *embruxadas*.

II

Cando eu entrei por primeira vez n-aquela horta, perseguindo un martín-peixeiro que ferira n-o río, sentín n-o peito o respecto que se ten ás rüinas; dempois de reconocer, cheo de asombro, hasta o tellado, sentín o medo das soedades cheas de lembranzas descoñocidas que falan de algo muy triste; cando soupen a hestorea da *horta embruxada*, sentín pena, pena pol-a inoscente que pagara pol-o culpabre, que sempre é perciso o sacrificio d' unha y-alma boa pra a salvación d' unha rüin.

Vouvos contal-a historia: o que non queira oubir tristuras, que peche o libro; o que teña



curazón e Dios, que a relembre, porque é verdadeira n-o fondo.

III

Chamábase Rosa, e tiña o pelo negro como a sua vida, e os ollos dourados como o sol de Ourense.

Fermosa era como unha alborada n-o mar, forte, graciosa e triste como un pino da ribeira; boa como unha promesa, desgraciada como o primeiro amor.

Hórfa sendo meniña, vivía c-o seu tío, o usurreiro do contorno, o vello cutre e rüin que asovallaba ôs paisanos e botaba sua gadoupa de lagarteira n-o millor do pobo, e trataba sin piedá ôs probes labregos que tiñan a desgracia de cair n-as suas maus.

Ela, a probiña, participaba de aquil odio que tiñan ô ladrón de facendas, e alá, n-as soedades da sua y-alma, tiña un altariño de penas, onde adouraba o nome dos seus pais e ô Dios de xusticia.

Chegou á moza, e aquela finca agatuñada pol-o tío, veu á ser o niño dos seus agarimos, e n-ela puxo total-as tenruras d' un curazón afogado: seu gando, suas galiñas, suas frores e



seus páxaros, foron sua vida hastra os dazasete anos. Dempois..... dempois, as estrecheces con que a trataba o tío, desapareceron: seu coarto axeitouse, pra ela trouxo galas, pra ela tiña aberta sua y-arca o roñoso tío; canto ela falaba, canto lle viña á mau, y estonces Rosa daba limosnas, e comenzaron á querela os bôs, a bendecila os probes e á namorala os mozos.....; e un foi querido como queren os curazós virxes e dôridos, as almas grandes: con delirio.

Estonces descubriuse o sacreto do tío: quería-a pra sí; sentira por ela a terrible pasión dos que solo quixeron o ouro, mais violenta que a dos virxes da y-alma, porque son virxes de todo o nobre.

Un ano durou a loita. N-ese ano, oubíase total-as noites entre a follatería da horta, rumor de amorosas falas que cobría o tintileo do río, *rum rum* de apasionadas mimosidás, risas como de nenos medrosos, estralar de bicos cheos de amor inda puro, pro xa queimante, violento, pol-a contrariedadá e o misterio, e.....

Unha noite de vrau, ardente, húmeda, sofocante, oubiuse un apasionado, louco, anhelante —¡son tua, tua pra sempre!—seguido de mornos xemidos sofocados por lábeos, por soloucos calados, tébedos, e pouco dempois afogados por



un tiro seco, que rasgou a noite c-un chorro de fogo, como unha lumeirada de sangue.

Logo, sentiuse o ruído d'unha loita; pro d'isa loita terrible da que defende un corpo caído pro non manchado, e a fera que non ve sagrados dereitos: loitaron a nena e o vello.....

A mañá apareceron mortos n-un currunchiño da horta, que somellaba un niño de meigos amores, o noivo e o tío de Rosa.

A xusticia non penson en mais: loitaran os dous, e un, n-as ansias d'agunía afogara ô outro.

Catro meses dempois, Rosa, que seguira vivindo n-a mesma casa, ocupada de cote n-unha mesma labor, sempre inquieta e recelosa, como quen espera algo que non chega, rompeu sua impacencia, foi â vila, e chea de sonroxos e vergoñas non decibres, abriu a mampara do despacho d'un médico muy nomeado, e famoso.....

Ó saír, feita un mar de bágoas, acesa como unha milgrada, e triste como a lua n-o deserto Oceano, perguntoulle por última vez:

—¿Non s'enganará?

—Non: é casi imposibre xa: non hay ningún síntoma.....

Rosa voltou pra casa, chegou ô seu coartiño,



e chorando, chorando, como quen perde o ceo, a inoscente queimou unha *canastilla* cuase feita: ¡a obra das suas soedades!

Cando as línguas de lume lameron aqueles encaixes e aquelas sederías miudas, Rosa non chorou xa: mirou pro ceo como quen fai unha pregunta, mortas suas espranzas, morto o supremo anhelo de total-as mulleres, caíu n-o abismo das suas lembranzas, das lembranzas d' aquela noite, da que Dios non quería deixar imaxe viva.....

Vestíu enton o loito que non puxera, e sua vida foi a de isas somas que viven asidas á unha lembranza, un de tantos que corren o mundo buscando síteo pra un curazón que non cabe n-o peito: o pasado sin presente nin futuro.

Rosa non morreu: deixou de vivir seu corpo, porque sua y-alma vive aínda, según os labregos, na *horta embruxada*, espiando o crime que confesou ô morrer.

Pro, criminal e todo, cando os labregos a nomean, non teñen pra ela unha palabra inxusta: os grandes dōres lavan os grandes crimes.

IV

Buscade n-as catro provincias gallegas un regato algueireiro e xoguetón que morre n-un



poderoso río; seguídeo augas arriba, e pê d' unha ponte esmochada detênde o paso e mirade pros restos d' unha granxa; chegade, como eu fai poucos días, pê d' unhas casiñas que foron graciosas e risoñas; mirade pol-as regandixas da porta un xardín desfeito, salvaxe; deixade que a maxinación pregunte a y-alma o que os ollos non ven, e descubrídevos ante a cruz roxa do portalón: aquela é a *horta embruxada*, un gran sepulcro que ten por lousa o infinito ceo.

Ourense, 14 de Abril de 1896.

